



ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E AS UNIVERSIDADES DA CORUÑA, SANTIAGO DE COMPOSTELA E VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DE MICROCREDENCIAIS, NO MARCO DO COMPOÑENTE 21, INVESTIMENTO 6 DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATION EU

MEMORIA XUSTIFICATIVA

José Alberto Díez de Castro, secretario xeral de Universidades, da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia,

DECLARA:

Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten asinado o convenio arriba referido.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Modificar os prazos de execución das actuacións e gastos realizados, previsto no punto 2 da cláusula undécima do convenio de 2 de maio de 2025.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

-O 2 de maio de 2025 asinouse o convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e as Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o desenvolvemento e execución de microcredenciais, no marco do compoñente 21, investimento 6 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea -Next Generation EU.

-O obxecto do convenio é establecer as condicións para o desenvolvemento e execución do *Plan para o desenvolvemento de microcredenciais universitarias* polas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia que implica a emisión dun total de 3.179 microcredenciais para persoas adultas, a través de 53 accións formativas





diferentes, sendo a data límite para o cumprimento do mesmo o segundo trimestre de 2026.

-O 15 de xullo de 2025 reuniuse a comisión de seguimento establecida na cláusula décimo quinta do convenio. Nesta xuntanza, logo da análise pormenorizada do executado ata o momento e, constatada a necesidade de adaptación dos prazos de xustificación ao avance real da execución, adoptouse o acordo de modificar os ditos prazos, sen que en ningún caso supoña un transvase de fondos entre as diferentes liñas de actuación, nin no número total de microcredenciais, non na contía total prevista para cada unha das universidades

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP), ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital.

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro

